



En Boiro, sendo as 11:00 horas do día 30 de Xuño de 2022, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Novas programacións PROENS
3. Información instrucións curso 2022-23
4. Rogos e Preguntas

### **1. Aprobación, se procede da acta anterior.**

María Ana Domínguez, directora do IES, sinala que a acta como é costume atópase dispoñible na páxina web para súa lectura. Apróbase a mesma por unanimidade.

### **2. Novas programacións PROENS**

María Ana, explica que a partir do curso que ven, en 1º e 3º da ESO e en 1º de Bacharelato, xa non será o xefe de departamento quen teña que realizar as programacións, senón que será o profesor da materia. Estas programacións realizaranse a través da plataforma PROENS, similar á aplicación de ciclos formativos.

Informa que en setembro haberá cursos en Platega, pero que é bastante sinxelo. En principio o prazo para facelas será ata o día 20. Aínda non é posible acceder a esta plataforma porque non están asociados os profesores en XADE, ao longo do mes de xullo tratarase de que estea activa a aplicación.

### **3. Información Instrucións Curso 2022-23**

María Ana indica que as instrucións definitivas elimina o claustro extraordinario de xullo para escoller os horarios provisionais, parece ser que debido a problemas legais por convocar profesores que non están nomeados no centro.

María Ana indica que ao longo do mes de xullo Raquel García, Xefa de estudos do curso 2022/23 enviará un formulario para a petición de horarios. O día 1 de setembro convocarase un claustro para a elección definitiva dos horarios e tratarase de que o día 2 de setembro xa se podan entregar os horarios.

### **4.- Rogos e Preguntas**

Manuel Pimentel, xefe de departamento de educación física, pregunta se se avisará cando estea a aplicación ProENS activa. María Ana indica que si.

Sendo as 11:40 horas levántase a sesión.

A DIRECTORA

Asdo.: María Ana Domínguez Pérez

O SECRETARIO

Asdo.: Jorge Rodríguez Martínez

Ausentes:

- Busto Lobato, Carlos
- Domínguez Domínguez, Encarna
- Ferreiros Blanco, María Teresa
- Maneiro Estébanez, Sandra
- Pagán Vázquez, Alberte

